Nota de prensa

Partido dos Socialistas de Galicia
LUGO

A Montaña esixe á Xunta a dotación urxente de servizos no HULA porque no 88,98% das aldeas o tempo de traslado aumenta o risco de perder a vida no traxecto

Os Alcaldes desta zona rexistraron hoxe o manifesto *"Porque os veciñ@s da Montaña tamén teñen dereito á Sanidade Pública"* co obxectivo de que a administración autonómica cumpra o seu compromiso de implantar as unidades de Hemodinámica, Radioterapia e Medicina Nuclear, xa que, por cuestións xeográficas, son os municipios máis afectados pola falta destas prestacións

Denuncian que, no caso das 139 parroquias que conforman os seus Concellos, en 123 o desprazamento achégase ás dúas horas, e incluso a catro, cando o tempo aconsellado polos facultativos para a intervención dalgunhas patoloxías coronarias ten que ser inferior a 90 minutos

Aseguran que, ante este incumprimento irracional e discriminatorio que só serve para empeorar as enfermidades e para causar máis problemas ós cidadáns, non descartan movilizacións, pois os veciños xa teñen que pagar polas cadeiras de rodas ou polas muletas uns 30 euros de media e dende 2012 moitos deles están a padecer tamén os efectos do *medicamentazo*

Os Alcaldes dos Concellos de Becerreá, Cervantes, Fonsagrada, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, e Pedrafita-Manuel Martínez, Benigno Tadín, Argelio Fernández, José Fernández, José Manuel Braña e José Luis Raposo- rexistraron este mércores no edificio administrativo da Xunta de Galicia en Lugo o manifesto *"Porque os veciñ@s da Montaña tamén temos dereito á Sanidade pública"*, a través do cal esixen á adminitración autonómica a dotación urxente dos servizos de Hemodinámica, Radioterapia e Medicina Nuclear no Hospital Lucus Augusti, xa que, por cuestións xeográficas, son os municipos máis afectados polas falta destas prestacións debido á distancia que os separa de Lugo e, moito máis de Coruña ou Santiago; cidades ás que os cidadáns destas localidades se teñen que desprazar para recibir estes tratamento debido a que o hospital lucense carece deles.

Neste senso, os rexedores explicaron que, no caso das 118 parroquias que conforman os seis Concellos da Montaña, en 105 o desprazamento achégase ás dúas horas e, nalgúns casos, este tempo pode incluso duplicarse. É dicir, vivir no 88,98% das aldeas destes municipios, debido a que a Xunta de Galicia incumpriu o seu compromiso de dotar ó HULA destas prestacións, aumenta o risco de que os veciños residentes nelas que teñan que desprazarse a Coruña para recibir este tipo de tratamento, poidan perder a vida no traxecto.

A este respecto, o Manuel Martínez subliñou que "a pesares das promesas que fixo o mentiroso Feijóo, na Montaña non se cumpriu ningunha. Todos os días estamos vendo una gota popular que fastidia as posibilidades dos máis débiles e que dificulta as formas de sobrevivir nestes Concellos. Pensen que moitos destes veciños teñen que facer un percorrido de ata catro horas de ída e outras tantas de volta. Isto é unha demanda xusta".

Deste xeito, os Alcaldes esixen ó Presidente da Xunta de Galicia que cumpra a palabra dada en 2009 durante a inauguración do Hospital Lucus Augusti, acto no que prometou dotar a este centro sanitario de ditas dotacións durante o primeiro semestre de 2011. Dito compromiso foi, ademais, ratificado polo Parlamento o 2 de novembro dese mesmo ano coa aprobación por parte de todos os Grupos Parlamentarios dunha moción, a través da cal se instaba ó Goberno a adxudicar de forma inmediata, concretamente nun prazo non superior a 6 meses, o equipo de Hemodinámica cardiaca para proceder

Partido dos Socialistas de Galicia
LUGO

á apertura de dita unidade, así como á dotación tecnolóxica dos servizos de Radioterapia e Medicina Nuclear.

Dado que pasaron case tres anos e o incumprimento do Goberno autonómico segue vixente, e tendo en conta que a Montaña luguesa se sitúa nunha situación claramente desfavorable que resulta incomprensible, sobre todo porque o HULA cumpre todos os requisitos técnicos e humanos para poder albergar estas Unidades, pídenlle á administración autonómica que poña fin a esta discriminación que padecen, xa que ausencia destas dotacións non só está causando graves prexuízos ós seus cidadáns, senón que aumenta as molestias da súa grave enfermidade ó provocar que teñan que depender de familiares ou veciños debido a que o tratamento subministrado supera, nalgúns casos, os 30 días de duración.

A este respecto, subliñaron que este incumprimento irracional e discriminatorio só serve para empeorar as enfermidades e para causar máis problemas ós nosos veciños e veciñas, quenes, lamentablemente, xa teñen que pagar polas cadeiras de rodas ou polas muletas uns 30 euros de media debido ás políticas sanitarias impostas nos últimos meses. Ademais, esta grave situación increméntase notablemente se se ten en conta que, dende o 1 de xullo de 2012, os 119.876 pensionistas da provincia, dos que boa parte residen nestes seis Concellos, tamén están a padecer os efectos do *medicamentazo*.

Ata catro horas de camiño para atender unha enfermidade coronaria

Os Alcaldes esixen Hemodinámica as 24 horas no HULA porque non poden seguir permitindo que o tempo de atención para atender un doente desta zona da provincia sexa nalgúns casos de ata catro horas. Argelio Fernández criticou así que a administración autonómica non esté a facer nada para solucionar o problema, sabendo que, tal e como indican os expertos, nas intervencións cuxo traslado sexa de 120 minutos, o índice de mortalidade ó ano pode situarse no 6,8%.

"A xente marcha moi cedo. Estas políticas fan que a vida no rural sexa moi complicada, só levan á desaparición da Montaña. Os veciños deben der ser compensados con este pequeno Estado de Benestar que xa é inferior a outros territorios nacionais", indicou.

Precisamente, estudos científicos recentes, elaborados pola Sociedade Española de Cardioloxía, poñen de manifesto que a mortalidade de enfermos de infarto de miocardio en Lugo dobra a padecida por enfermos de Coruña, Vigo ou Santiago; lugares nos que si existe persoal cualificado e os medios materiais para tratar esta patoloxía cardiovascular. A causa de que Lugo sexa a provincia co maior índice de probabilidade de padecer esta enfermidade, débese a que, nestes casos, é preciso realizar unha anxioplastia primaria nun tempo inferior a 90 minutos dende que o enfermo entra en contacto co sistema sanitario.

Por tanto, nesta patoloxía concreta, se un cidadán de Fonsagrada, de Cervantes ou de Navia de Suarna ten que acudir ó hospital coruñés para recibir este tipo de tratamento corre claramente o risco de perder a vida polo camiño. "Resulta inaceptable que a Xunta de Galicia, responsable do Servizo Galego de Saúde (SERGAS), siga permitindo que as persoas que sofren unha patoloxía coronaria aguda na provincia de Lugo, e máis concretamente na Montaña luguesa, teñan menos esperanza de vida que a que poden ter o resto dos galegos", aseguran no manifesto.

Ante esta situación, os Alcaldes non descartan movilizacións, xa que, tal e como indicou o dirixente de Pedrafita "cada día é máis imposible vivir nestes Concellos. Recollen ás persoas como se fose un autobús para levalas por toda Galicia e, cando volven, acaban desfeitos. Por iso, son moitos os que nos din que se vivisen máis preto isto non pasaría".

Nota de prensa

Partido dos Socialistas de Galicia
LUGO

Radioterapia para os nosos veciños con cancro e Medicina Nuclear

Os Alcaldes, a través deste manifesto, esixen tamén que a Xunta de Galicia implante o servizo de Radioterapia "porque non podemos consentir que os nosos veciños tamén se teñan seguir desprazando a outras provincias para recibir o tratamento contra o cancro".

Segundo datos facilitados polo colectivo médico, os pacientes oncolóxicos que están a ser tratados no HULA precisan entre 2 e 4 fármacos ó día, o que se lle supón ó doente un custo de 4 euros por cada un deles ó mes durante o tempo que estipule o facultativo médico. É dicir, ademais de non ter este servizo, os veciños tamén se están vendo obrigados a pagar polos medicamentos que lles receite o seu especialista, o cal atenta claramente contra o principio de garantía dos servizos públicos.

Así mesmo, os rexedores tamén demandaron o servizo de Medicina Nuclear porque un hospital de referencia en Galicia como o de Lugo non pode quedar atrás na diagnose de enfermedades e darlle a seguridade ós nosos cidadáns.

6 de novembro de 2013

Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo